

## **GDR CONDADO PARADANTA. II CONCURSO FOTOGRÁFICO. BASES**

O GDR Condado Paradanta está a impulsar o desenvolvemento turístico da comarca, como ente xestor do Xeodestino turístico. Entre as numerosas iniciativas postas en marcha está a creación dunha rede de observatorios nocturnos e miradoiros dende os que descubrir o ceo e contemplar as fermosas paisaxes desta terra. Na actualidade xa contamos cos de San Nomedio (As Neves) e Castelo do Faro de Aviión (Covelo) e nos próximos meses porase en marcha o de San Cibrán, en Pontearreas, ate completar unha rede de 10 emprazamentos. Un en cada concello do Xeodestino Terras do Condado A Paradanta.

Por elo, esta nova edición do Concurso Fotográfico tratará sobre as vistas que nos ofrecen os distintos miradoiros espallados por todo o territorio, tanto de día como de noite, e se regulará polas seguintes bases:

### **TEMÁTICA**

As fotografías recollerán a visión dos autores sobre o territorio, a paisaxe, os espazos amplos, o ceo diúrno e nocturno e, en xeral, todo aquilo que se pode observar nos distintos miradoiros, e dende eles, que se atopan nos dez concellos do Condado Paradanta.

Para os efectos deste concurso, entendemos miradoiro como calquera punto elevado que permite a observación dunha porción ampla do territorio do Condado Paradanta, tanto si conta con algún tipo de equipamento ou non.

### **CATEGORÍAS**

Haberá dúas categorías:

1. Fotos diúrnas, entre o amencer e o solpor, ambos incluídos.
2. Fotos nocturnas, tomadas sen luz solar.

### **PARTICIPANTES**

Poderán concorrer a este certame fotográfico tódalas persoas que o desexen, sexan profesionais ou afeccionados, sempre que os seus traballos se axusten as presentes bases.

Non poden participar os membros da Xunta directiva nin do equipo técnico do GDR Condado Paradanta.

### **AUTORÍA E ORIXINALIDADE**

As fotografías terán que ser orixinais, feitas pola persoa que as presenta ao concurso e non poder estar publicadas, por ningún medio, con antelación á participación neste concurso.

Non se permiten montaxes fotográficas.

### **FORMATO**

As fotografías pódense facer con calquera tipo de cámara ou teléfono móbil, pero terán que enviarse en formato JPEG. As fotos gañadoras deberán contar con unha calidade que permita a correcta impresión en tamaño 40x60 Cm.

### **DATAS DE ENTREGA**

O prazo de entrega remata as 23:59 horas do día 15 de setembro de 2020

### **MODO DE ENTREGA**

Os traballos deberán enviarse por correo electrónico ao enderezo: [gdr@gdrcondadoparadanta.gal](mailto:gdr@gdrcondadoparadanta.gal) en formato JPEG. Xunto con cada fotografía deberán axuntarse os seguintes datos:

1. Nome e apelidos do autor\*
2. Teléfono de contacto\*
3. Título da foto\*
4. Breve descrición da mesma
5. Lugar onde se fixo\*
6. Perfil de facebook do autor/a

\*Datos obrigatorios para a participación no concurso.

### **PUBLICACIÓN**

As fotos recibidas publicaranse na páxina de Facebook do GDR Condado Paradanta e na súa conta de Instagram.

### **SELECCIÓN**

Para a selección das mellores fotos teranse en conta as opinións do público e dun xurado nomeado polo equipo técnico do GDR.

Para votar como público, bastará con facerse seguidor da páxina de Facebook do GDR Condado Paradanta e darlle a “me gusta” nas fotos que se queira. As dúas fotos con máis votos, de cada categoría, serán as premiadas polo público.

O xurado tamén fará unha selección das dúas mellores fotos recibidas en cada categoría, nas que valorará especialmente a creatividade e orixinalidade, a calidade técnica e a composición, etc. Igualmente, elixirá as gañadoras de cada categoría.

## PREMIOS

Premios do público:

Foto nocturna.

1º Premio. Lote de produtos do Condado Paradanta Valorado en 100€

2º Premio. Lote de produtos do Condado Paradanta Valorado en 50€

Foto diúrna

1º Premio. Lote de produtos do Condado Paradanta Valorado en 100€

2º Premio. Lote de produtos do Condado Paradanta Valorado en 50€

Premios do xurado

Foto nocturna.

1º Premio. Lote de produtos do Condado Paradanta Valorado en 100€

2º Premio. Lote de produtos do Condado Paradanta Valorado en 50€

Foto diúrna

1º Premio. Lote de produtos do Condado Paradanta Valorado en 100€

2º Premio. Lote de produtos do Condado Paradanta Valorado en 50€

Premio especial: Mellor foto do ano 2020.

A fotografía participante que, na páxina de facebook do GDR Condado Paradanta, teña o maior número de reaccións no momento do fallo, será a denominada “mellor foto do ano 2020”. O autor ou autora recibirá un premio consistente nun salto en parapente dende un dos miradoiros do Condado Paradanta ou ben nun descenso de rafting polo Río Miño. Polo tanto a “mellor foto do ano 2020” será premiada co lote de produtos máis o premio especial.

Todos os autores seleccionados recibirán a súa obra impresa en alta calidade e enmarcada.

## **FALLO E NOTIFICACIÓNS**

O fallo dos premios realizarase nos quince días seguintes ao peche do prazo. Os resultados se comunicarán aos interesados directamente e se farán públicos a través da web, redes sociais, prensa, etc.

## **DEREITOS DE AUTOR**

A organización resérvase o dereito de uso das obras participantes, podendo realizar as copias que precise para a súa reprodución en exposicións ou para uso documental do GDR Condado Paradanta (web, redes sociais, ou calquera outro documento propio da institución), sen limitación de tempo ou lugar, indicando sempre o nome do autor nos títulos de crédito ou nalgún lugar dentro da propia fotografía. Este dereito é compatible co uso que o propio autor queira seguir facendo do seu traballo.

Os participantes deberán ser os únicos titulares dos dereitos de autor das fotografías e responsabilizaranse totalmente de que non existan conflitos de autoría con terceiros nas obras presentadas, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe que poida aparecer relativa ás súas obras.

Tódalas fotografías seleccionadas formarán parte do fondo fotográfico do GDR Condado Paradanta e mesmo da colección itinerante, que poderá levala polos distintos concellos participantes e por outros lugares que se puidera acordar.

## **EXCLUSIÓNS**

O GDR Condado Paradanta, como organizador deste concurso, resérvase o dereito de exclusión de calquera traballo que a xuízo dos organizadores, non cumpra os requisitos fixados nestas bases.

## **ACEPTACIÓN**

Todos os participantes, polo feito de selo, aceptan as presentes bases